



Concello  
de Arzúa

## CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2  
15810 Arzúa  
A Coruña  
Telf: 981 50 00 00

### **ACTA Nº 1 DO TRIBUNAL DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO – OPOSICIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA O POSTO DE ASESOR/A XURÍDICO/A PARA O CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) DO CONCELLO DE ARZÚA.**

Constitúese o Tribunal de selección conforme á composición determinada mediante resolución de Alcaldía para proceder á valoración dos méritos da fase de concurso do proceso de selección mediante concurso – oposición dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal para o posto de Asesor/a Xurídico/a para o Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Arzúa conforme ás bases de selección aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 24/01/2024 e publicadas no BOP nº 33 de 15 de febreiro de 2024.

Data da sesión: 09/05/2024.  
Hora de inicio: 12.00 horas.  
Hora de finalización: 15.15 horas.

Asistentes:

Presidenta: Ana Aldao Corral (Directora do CIM do Concello da Laracha)

Vogais:

Marta Pérez Iglesias.( Técnica de Administración Xeral do Concello de Arzúa).  
Eva Ovenza Pereira (Técnica de Políticas de Igualdade da Deputación da Coruña)  
Juan María Insua Santamaría (Asesor xurídico do CIM do Concello de Palas de Rei)

Secretario: Federico Suárez Cancelo (Secretario do Concello de Oroso)

Reunido o Tribunal á hora e data anteditas, na Casa do Concello de Arzúa procédese á valoración dos méritos aportados polos aspirantes admitidos, dentro da fase de concurso.

O Tribunal de Selección por unanimidade dos seus membros con dereito a voto e antes de proceder ao inicio da valoración dos méritos adopta os seguintes acordos:

-Que se proceda a descontar e consonte con isto non ter efectos na valoración a todos os aspirantes 200 horas dalgún dos cursos que supere ou iguale este número de horas tendo en conta que se establecía como requisito de admisión no punto sexto das bases de selección que rexen o presente procedemento de selección.

-Que no ámbito da valoración da experiencia laboral os servizos como profesional do dereito no ámbito privado, so se valoren nos casos nos que efectivamente se presente contrato de traballo, no que se faga constar o posto desempeñado e as funcións, así como as xornadas de traballo acompañado de informe de vida laboral, por ser estes os requisitos documentais esixidos polas bases de selección.

Sentados tales criterios por parte do Tribunal se proceda á valoración dos méritos alegados por cada un dos aspirantes coa seguinte puntuación:

NOME	EXPERIENCIA LABORAL	FORMACIÓN PROFESIONAL	PUBLICACIÓN S E DOCENCIA	TOTAL
SANDRA TILVE PÉREZ	0 PUNTOS	6 PUNTOS	1 PUNTO	7 PUNTOS
INÉS RODRÍGUEZ LEIRA	2,75 PUNTOS	2,10 PUNTOS	2 PUNTOS	6,85 PUNTOS
MARÍA PAZ AMIL ROMERO	0 PUNTOS	0,75 PUNTOS	0 PUNTOS	0,75 PUNTOS
XIOMARA ERLINDA LAZO FUENTES	0 PUNTOS	7,40 PUNTOS	5 PUNTOS	12,40 PUNTOS
MARIA DE LOS ÁNGELES MERA COSTAS	0 PUNTOS	1,75 PUNTOS	0 PUNTOS	1,75 PUNTOS
MARIA DEL ROCÍO ARNOSO MOURE	0 PUNTOS	3 PUNTOS	0 PUNTOS	3,00 PUNTOS

O Tribunal de selección por unanimidade dos seus membros con dereito a voto acorda igualmente:

-Establecer un prazo de 3 días hábiles a contar desde a publicación da presente acta para que os interesados poidan presentar as alegacións que estimen oportunas ás puntuacións outorgadas.

-Fixar como data hora e lugar para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición:

O 24 de maio de 2024 ás 12:30 horas na Casa do Concello de Arzúa.

Non sendo outro o obxecto da sesión levántase á mesma á hora anteriormente indicada de todo o cal se da fe, asinando de xeito electrónico os membros do Tribunal.